


Eva López Barrio



Técnica de
transferencia



Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Dirección e Xestión de Comercio Exterior.

Asesoro a persoas emprendedoras de perfil universitario en creación de empresas de base tecnolóxica. Dirixo o Programa WOMAN EMPRENDE, dende 2006, co fin de poder acompañar ás iniciativas empresariais lideradas por mulleres. E dende o ano 2011 coordino o PROGRAMA INNOVATIA 8.3, que nace da colaboración entre o Instituto das Mulleres e a USC, e ten como obxectivo o desenvolvemento dunha metodoloxía de creación de spin-off universitarias femininas. Estou asociada a AMIT-Gal.

Coñecemento para emprender

“Transferencia do coñecemento e emprendemento universitario con perspectiva de sexo/xénero. Contarlle ás e ós participantes e ás súas familias que co coñecemento universitario pódense crear empresas universitarias, empresas de alto valor engadido e que impactan na contorna e nas persoas; e bos lugares de traballo: achegarei casos reais en todas as áreas do coñecemento”

Analizaremos o caso de catro empresas baseadas no coñecemento:

..... **Galchimia:** a promotora é Carme Pampín, doutora da Facultade de Química. Nun concello rural da contorna de Compostela, foi quen de crear unha empresa no sector farmacéutico, cun importante número de persoas contratadas, a maioría doutoras, formadas na universidade e que poden realizar unha carreira profesional nun entorno sostible.

DeHistoria: as promotoras Mercedes e Pirusa na Praciña de Fonseca (Santiago) teñen a súa sede empresarial, doutoras en Historia, e que usan de laboratorio as bibliotecas, xa que a formación especializada que recibiron deulles o aval científico para facer análise documental. Teñen un 100% de éxitos en pericias xudiciais, pero tamén fan arbores xeneolóxicas, entre outros moitos produtos e servizos.

NanoGap: Tatiana López doutora en Química traballa con nanopartículas, patentes que se transferiron da universidade á empresa e que comercializa no mundo enteiro. Os billetes que temos na carteira levan unha banda antifalsificación de Nanogap. Con sede cerca de Santiago pero tamén en San Francisco.

Latento: Miriam e equipo son doutoras en psicoloxía, especializadas en Altas Capacidades, en Santiago e máis en Coruña teñen gabinetes que atenden a nenas e nenos que precisen dos seus múltiples servizos. Se pasades por diante das súas sedes veredes o logo de “spinoff da USC”.

Unha vez que amosemos estes casos de emprendedoras falaremos de:

- A formación universitaria como materia prima para a creación do teu propio posto de traballo.
- Crear empresas sostibles, respectuosos coas persoas e co medio que nos rodea.
- Buscar lugares agradables de traballo para nós e tamén xerar emprego de calidade.

E por tanto, a formación académica crea

TECIDO EMPRESARIAL
E EMPREGABILIDADE

